Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/40/2022	GOB16I0JQ	
36112C5S294F5O4D0CFA		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/DªMARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª OLGA AMENEIRO LOPEZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª M.PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de novembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra.ALCALDESA, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- DAR CONTA DA APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA DA ILUMINACION DO CENTRO DE FORMACION MUNICIPAL IRMANS FROILAZ (FASE II) .**.- Vista a proposta formulada que di asi: A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 02/11/2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI16I0R7 que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	*Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local*
EXPEDIENTE	*ASI/26/2022: Subvención para a mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz (FASE II)*
DESTINATARIO	*Alcaldía / Servizos Económicos*
ASUNTO	*Dar conta da aprobación da conta xustificativa*

Con data 28/10/2022 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ASI16I0R2 que di:

“

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Con data 27/10/2022 a funcionaria de Asistencia á Secretaría elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI16I0Q4 que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	*Informe-Proposta de Resolución*
EXPEDIENTE	*ASI/26/2022: Subvención para a mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz (FASE II)*
DESTINATARIO	*Alcaldía / Servizos Económicos*
ASUNTO	*Aprobación da conta xustificativa*

Na súa sesión ordinaria do 24/02/2022, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou a solicitude, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da subvención para a mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Irmáns Froilaz (FASE II), por importe de 7.401,57 €, sendo este importe inferior ao máximo subvencionable para este Concello na liña non competitiva (7.401,60 € importe máximo), segundo o anexo V da orde que regula a convocatoria. Dito importe coincide co presuposto da memoria ao efecto obrante no expediente.

Con data 16/06/2022 e a través da plataforma notifica.gal, a Dirección Xeral de Administración Local notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención para este proxecto:

Orzamento total	*7.401,57 €*
- Orzamento investimentos	*7.401,57 €*
Importe total subvención	*7.401,57 €*
- Importe subvención para investimentos	*7.401,57 €*

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega una vez xustificados os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

F U N D A M E N T O S D E D E R E I T O :

- *Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. […] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de xustificación de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria a tempo de que expire o prazo outorgado na convocatoria para xustificar a mesma, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita xustificación e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía a seguinte

P R O P O S T A D E R E S O L U C I Ó N :

PRIMEIRO: *Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de xustificación de subvención da*

convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

SEGUNDO: *Aprobar a conta xustificativa da subvención para a Mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Irmáns Froilaz (FASE II), nos seguintes termos:*

"

1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2. Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	*Concepto*	*Nº factura*	*Importe*	*Data emisión*	*Data recoñecemento obriga*
NARONTEC GESTION, S.L.	*Mellora da eficiencia enerxética no Centro de Formación Irmáns Froilaz (FASE II)*	*NT 00220265*	*7.134,16 €*	*24/10/2022*	*27/10/2022*

"

Logo do traslado da proposta aos Servizos Económicos do Concello, estes tomaron razón segundo o documento adxunto de código ICO16I0DM.

Polo anteriormente exposto e en uso das atribucións conferidas, esta Alcaldía

R E S O L V E :

PRIMEIRO*: Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.*

SEGUNDO*: Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos do Concello.*

"

En cumprimento do punto primeiro da proposta de resolución aprobada, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

"

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I0DU, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA UN PROXECTO DE BIORRESIDUOS IN SITU (LIÑA 2) E APROBACIÓN DO PLAN DE FINANCIAMENTO DEFINITIVO.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O Director de Programas Europeos e Planificación Local, con data 03.11.2022, elevou a esta Alcaldía o informe proposta de código PLA16I082 que di:

"

TIPO DE DOCUMENTO	Informe- Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	PLA/4/2022: Solicitude de subvención para un proxecto de biorresiduos in situ (Liña 2)

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

DESTINATARIO	Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación da subvención e aprobación do plan de financiamento definitivo

Por resolución de Alcaldía de 28.01.2022, ao amparo da Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, o Concello de Narón solicitou a seguinte subvención:

Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ). Programa de compostaxe doméstica.

Custe total do proxecto con IVE	*13.800,05 €*
Subvención solicitada á Consellería	*10.264,50 €*
Achega do Concello ano 2022 (10%+IVE)	*3.535,55 €*
Aplicación orzamentaria	*1623.64000*

Con data 29 de xuño de 2022 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda notificou a este Concello a publicación da resolución da concesión da axuda no DOG, Resolución do 13 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se da publicidade das axudas concedidas.

A devandita resolución inclúe como beneficiario ao Concello de Narón segundo o seguinte cadro:

Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Axuda total concedida	% cofinanc.	Axuda 2022	Axuda 2023
BIOR-149-2022-RES	Concello de Narón	P1505500G	Liña 2	10.264,50 €	10,00%	10.264,50 €	0,00 €

Como trámite preceptivo para a realización das actuacións obxecto da subvención e posterior xustificación da mesma, cómpre a aceptación da subvención concedida, o cal supón o obxecto deste informe-proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión […] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.*

Por todo o exposto de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que asina, previa fiscalización, solicita á Alcaldía-Presidencia a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte cadro de financiamento definitivo para a subvención concedida:

Plan de financiamento definitivo (ano 2022)

PROXECTO	Proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe

	doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ). Programa de compostaxe doméstica (Liña 2)			
Importe total con IVE				*13.800,05 €*
Importe total sen IVE (coste subvencionable)				*11.405,00 €*
Financiamento externo. Fondos Next Generation	*Subconcepto económico de ingresos*	*79701 Fondos Europeos MRR Next Generation*	*Importe*	*10.264,50 €*
			Porcentaxe	*90 %*
	Contrapartida de gastos	*1623.64000 (Código de proxecto 2022.2.NG004.30)*	*Importe*	*10.264,50 €*
			Porcentaxe	*90 %*
Achega municipal		*1623.64000 (Código de proxecto 2022.2.NG004.30)*	*Importe*	*3.535,55 €*
			Porcentaxe	*10 % + IVE*
TOTAL FINANCIAMENTO EXTERNO				*10.264,50 €*
TOTAL ACHEGA MUNICIPAL				*3.535,55 €*
TOTAL PROXECTO				*13.800,05€*

SEGUNDO: Aceptar, para o antedito proxecto, a subvención de 10.264,50 € concedida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para realizar o "Proxecto de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ). Programa de compostaxe doméstica (Liña 2)".

"

Visto o dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento de código ICO16I0DT), esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2022.**.-

(…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de outubro de 2022, cun total de 204 contribuíntes e por importe de 19.734,36 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de outubro de 2022, cun total de 3 contribuíntes e por importe de 337,07 €.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE OUTUBRO DE 2022.**.- (…)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECEMENTO ACTIVO) do mes de outubro de 2022, cun total de 337 contribuintes e por importe de 2.746,55 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, OBRADOIROS DE ROBÓTICA, COROS, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de outubro de 2022, cun total de 146 usuarios e por importe de 1.189,90 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación

da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es